

TIMSS 2023

28

Anos de
tendencias

Puntos clave de TIMSS 2023


- *Novos tipos de preguntas para motivar o alumnado*
- *Tarefas de resolución de problemas e de investigación (PSIs) incorporadas no deseño da avaliación*
- *Avaliación adaptativa por grupos para conseguir adecuarse ás distintas poboacións de alumnado*
- *Mellora do informe internacional que incluírá o procesamento de datos*
- *Información de interese político sobre os contextos de aprendizaxe de matemáticas e ciencias*
- *Distintos tipos de aplicación, incluído en liña, e de procedementos eficientes*



TIMSS 2023—Motivando o alumnado con tarefas interactivas

O estudo TIMSS dixital reflicte o crecente uso dos dispositivos electrónicos nos centros educativos e na vida cotiá, e aproveita a tecnoloxía para avaliar a unha nova xeración de alumnado.

Con TIMSS 2023 complétase a transición do estudo á avaliación dixital, que comezou na edición de TIMSS 2019.




TIMSS & PIRLS
International Study Center
Lynch School of Education
BOSTON COLLEGE


NIPO IBD: 847200405
NIPO línea: 847200410

Novos tipos de preguntas

TIMSS 2023 incluirá unha gran variedade de preguntas e funcións interactivas para aproveitar a contorna dixital e motivar o alumnado. Por exemplo, o alumnado poderá elaborar diferentes representacións de datos, mover ou xirar obxectos na pantalla para resolver problemas, e expoñerá o seu traballo escribindo textos, mediante ecuacións ou debuxando a man alzada. Ademais de incluír vistosas imaxes, os estímulos das preguntas poden conter vídeos ou animacións que ilustren experimentos ou fenómenos da área de ciencias.



O alumnado analiza a relación entre as variables dunha expresión alxébrica nun contexto e explica o seu razoamento a través de texto e dunha intuitiva táboa de símbolos.



Nun gráfico de barras, cada alumno ou alumna representa os datos completando a barra que falta, etiquetando unha barra ou engadindo un título.


Procesamento de datos


Os datos rexistrados durante a avaliación servirán para que o estudo TIMSS entenda mellor como aborda o alumnado a resolución de problemas de matemáticas e a investigación científica, as súas estratexias para facer exames e o seu nivel de implicación. Esta información aparecerá no informe internacional TIMSS 2023 de cara a mellorar o coñecemento sobre o rendemento do alumnado en matemáticas e ciencias.

Tarefas de resolución de problemas e de investigación (PSIs)



As tarefas coñecidas como PSIs simulan situacións da vida real e de laboratorio que requiren do alumnado a integración e aplicación de competencias procedementais e contidos conceptuais para resolver problemas de matemáticas e realizar experimentos e investigacións científicas. Habrá novas PSIs desenvolvidas para TIMSS 2023 que estarán incorporadas no deseño da avaliación.

Neste exemplo, cada alumno ou alumna diseña e realiza un experimento virtual para estudar o crecemento e desenvolvemento das plantas, nunha tarefa de resolución de problemas e de investigación.





■ Cada alumno ou alumna crea unha figura xeométrica, segundo determinadas condicións, arrastrando os vértices da figura nunha cuadrícula.



■ Neste exemplo, ao seleccionar unha parte da imaxe, o alumnado demostra o coñecemento sobre as funcións das estruturas das plantas, mellorándose unha pregunta de opción múltiple.

■ O vídeo incluído nesta pregunta de química permite ao alumnado visualizar a difusión dun colorante en auga quente e en auga fría.

Avaliación adaptativa por grupos

TIMSS 2023 axustará mellor a avaliación ás distintas poboacións de alumnado grazas a un novidoso deseño adaptativo por grupos. Todos os países administrarán as mesmas preguntas do estudo TIMSS. Haberá dous grupos de cadernos na avaliación dixital —un grupo máis difícil con preguntas de dificultade alta e media e outro menos difícil con preguntas de dificultade media e baixa— que se aplicarán en todos os países, pero en diferentes proporcións, segundo o rendemento global de cada país. Isto permitirá unha maior correspondencia entre a dificultade da avaliación e o rendemento do alumnado e, a súa vez, proporcionará unha mellor medición en todos os niveis de rendemento.

Contextos para a aprendizaxe de matemáticas y ciencias

En TIMSS 2023 continuarase recompilando información relevante para as políticas educativas, ao pedirlle ao alumnado e ás súas familias, ao profesorado e ás direccións dos centros educativos, que cubran cuestionarios sobre as experiencias do alumnado na aprendizaxe de matemáticas e ciencias, tanto nos centros como na casa.

A Enciclopedia TIMSS 2023, da que son autores os países participantes, proporcionará información exhaustiva sobre cada país, incluído aspectos estruturais dos sistemas educativos, contido curricular e didáctico, así como reformas recentes ou previstas.

Esta ampla variedade de datos contextuais pódense estudar conxuntamente co rendemento para identificar as desigualdades na contorna e nas experiencias do alumnado. Os países poden analizar variables relevantes a nivel de políticas, tales como a estrutura do sistema educativo, os currículos, as prácticas pedagóxicas e as actitudes do alumnado cara a aprendizaxe.

28 anos de tendencias— en matemáticas e ciencias

Desde 1995, o estudo TIMSS da IEA fai posible que países de todo o mundo tomen decisións baseadas en datos empíricos a fin de mellorar o ensino das matemáticas e das ciencias. TIMSS lévase a cabo cada catro anos en cuarto e oitavo grao, e TIMSS 2023 cumprirá 28 anos de análises de tendencias, o que supón o tempo máis longo para unha avaliación educativa internacional.



TIMSS & PIRLS
International Study Center
Lynch School of Education
BOSTON COLLEGE

timssandpirls.bc.edu



Procedementos flexibles e eficientes

TIMSS 2023 ofrece aos países unha gran flexibilidade. A avaliación pode ser administrada ao alumnado en liña ou presencialmente, a través de memorias USB ou dun servidor local. Os países poden utilizar equipos escolares ou levalos directamente aos centros educativos. A contorna dixital tamén proporciona unha maior eficiencia operativa ao optimizar as actividades de tradución e verificación, mellorar a recollida de datos, automatizar a codificación e reducir os custos de impresión e envío da aplicación en papel.

Participación

Diferentes entidades, como rexións (por exemplo, estados ou provincias) ou outros graos adicionais (por exemplo, terceiro ou quinto grao), poden participar da mesma maneira que os países, inscribíndose como participantes de referencia (*benchmarking participants*).

TIMSS 2023 é unha avaliación dixital. Aos países que non poidan cambiar á avaliación dixital ofreceráse unha opción en papel que unicamente incluírá as preguntas de ancoraxe para medir as tendencias.

Para a inscrición de países, contacte con:

Directora da IEA Ámsterdam

Andrea Netten – a.netten@iea.nl

Fitos do calendario TIMSS 2023

Febreiro 2021—Primeira reunión de
Coordinadores Nacionais do Proxecto

Marzo-Abril 2022—Estudo Piloto

2023—Estudo Principal

Decembro 2024—Publicación de
resultados



O estudo TIMSS é un proxecto da IEA. Desde as súas oficinas, en Ámsterdam e Hamburgo, é unha organización pioneira en estudos comparativos internacionais. Realiza avaliacións internacionais sobre rendemento educativo desde 1959.



BOSTON
COLLEGE

TIMSS está dirixido polo Centro de Estudos Internacionais TIMSS & PIRLS no Boston College. TIMSS e PIRLS, estudo que avalía a comprensión lectora, comprenden o núcleo central dos estudos da IEA. Conxuntamente estas avaliacións proporcionan aos países participantes información periódica sobre o rendemento en tres materias fundamentais: matemáticas, ciencias e lectura.